# MEMORIA
# RSC 2016

Edar Bens



# EMPRESA **SUPRAMUNICIPAL**

# EMPRESA **SUPRAMUNICIPAL**

Cada un dos cinco concellos ten unha participación accionarial na sociedade **Edar Bens SA** proporcional á súa poboación.

Cada uno de los cinco ayuntamientos tiene una participación accionarial en la sociedad **Edar Bens SA** proporcional a su población.

## HABITANTES (miles)

## HABITANTES (miles)




## ESTRUTURA DO ACCIONARIADO (%)

## ESTRUCTURA DEL ACCIONARIADO (%)




### CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

### CONSEJO DE ADMINISTRACIÓN

- Xulio Ferreiro Baamonde
  *Alcalde Presidente do Concello da Coruña*
  *Alcalde Presidente del Ayuntamiento de A Coruña*
- María García Gómez
  *1ª Tenente de Alcalde do Concello da Coruña*
  *1ª Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de A Coruña*
- Begoña Freire Vázquez
  *Concelleira do Concello da Coruña*
  *Concejala del Ayuntamiento de A Coruña*
- María Luisa Cid Castro
  *Concelleira do Concello da Coruña*
  *Concejala del Ayuntamiento de A Coruña*
- María del Mar Barcón Sánchez
  *Concelleira do Concello da Coruña*
  *Concejala del Ayuntamiento de A Coruña*
- José Ramón Amado de la Fuente
  *1º Tenente de Alcalde do Concello de Arteixo*
  *1er Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de Arteixo*
- Juan González Leirós
  *2º Tenente de Alcalde do Concello de Cambre*
  *2º Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de Cambre*
- José Ramón Rioboo Castro
  *1º Tenente de Alcalde do Concello de Culleredo*
  *1er Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de Culleredo*
- María José Varela Neira
  *1ª Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros*
  *1ª Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de Oleiros*

**Asisten ao Consello con voz pero sen voto:**
**Asisten al Consejo con voz pero sin voto:**

- Manuel José Díaz Sánchez
  *Secretario Xeral do Concello da Coruña*
  *Secretario General del Ayuntamiento de A Coruña*
- Carlos Enrique Lamora Suárez
  *Director Xeral de Edar Bens SA*
  *Director General de Edar Bens SA*

### XUNTA XERAL

### JUNTA GENERAL

- Xulio Ferreiro Baamonde
  *Alcalde Presidente do Concello da Coruña*
  *Alcalde Presidente del Ayuntamiento de A Coruña*
- Carlos Calvelo Martínez
  *Alcalde Presidente do Concello de Arteixo*
  *Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Arteixo*
- Óscar García Patiño
  *Alcalde Presidente do Concello de Cambre*
  *Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Cambre*
- Julio Sacristán de Diego
  *Alcalde Presidente do Concello de Culleredo*
  *Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Culleredo*
- Ángel García Seoane
  *Alcalde Presidente do Concello de Oleiros*
  *Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Oleiros*



# UN PROXECTO **COMPARTIDO**

# UN PROYECTO **COMPARTIDO**

Edar Bens SA é a empresa pública supramunicipal responsable do servizo de depuración das augas residuais dos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

Dende decembro de 2013, os cinco municipios xestionan de xeito conxunto esta tarefa esencial para a cidadanía conforme a criterios de sustentabilidade, respecto medioambiental e optimización de custos, co obxectivo de ofrecer un servizo público de calidade a unha poboación de 400.000 habitantes.

A empresa pública Edar Bens SA xestiona as estacións de bombeo e depuración de augas residuais, bombeos xerais e estacións de aforo da área metropolitana da Coruña, entre elas a depuradora de Bens, unha das máis modernas de España, que trata cada día unha media de 130.000 metros cúbicos de augas residuais procedentes dos fogares e a industria dos cinco concellos aos que da servizo.

Edar Bens SA es la empresa pública supramunicipal responsable del servicio de depuración de las aguas residuales de los ayuntamientos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo y Oleiros.

Desde diciembre de 2013, los cinco municipios gestionan de forma conjunta esta tarea esencial para la ciudadanía conforme a criterios de sostenibilidad, respeto medioambiental y optimización de costes, con el objetivo de ofrecer un servicio público de calidad a una población de 400.000 habitantes.

La empresa pública Edar Bens SA gestiona las estaciones de bombeo y depuración de aguas residuales, bombeos generales y estaciones de aforo del área metropolitana de A Coruña, entre ellas la depuradora de Bens, una de las más modernas de España, que trata cada día una media de 130.000 metros cúbicos de aguas residuales procedentes de los hogares y la industria de los cinco ayuntamientos a los que da servicio.

## EDAR BENS SA PODERÁ ATENDER AOS **600.000 HABITANTES** QUE TERÁ A ÁREA METROPOLITANA CORUÑESA NO 2030

## EDAR BENS SA PODRÁ ATENDER A LOS **600.000 HABITANTES** QUE TENDRÁ EL ÁREA METROPOLITANA CORUÑESA EN 2030







# REDE DE **INSTALACIÓNS**
# RED DE **INSTALACIONES**




## **UNHA DAS DEPURADORAS** MÁIS IMPORTANTES DE ESPAÑA

## **UNA DE LAS DEPURADORAS** MÁS IMPORTANTES DE ESPAÑA





## CAUDAL DE AUGA TRATADO (m³)

## CAUDAL DE AGUA TRATADO (m³)

| 2014 | 2015 | 2016 |
|---|---|---|
| 51.115.332 | 43.188.379 * | 51.500.43 |

* Baixada de 15,5% polo menor volume de pluviais por descenso de precipitacións.

* Bajada de 15,5% por el menor volumen de pluviales por descenso de precipitaciones.

## CONTA DE RESULTADOS (€)

## CUENTA DE RESULTADOS (€)




## CONSUMO ENERXÉTICO (GWh)

## CONSUMO ENERGÉTICO (GWh)

| | 2014 | 2015 | 2016 |
|---|---|---|---|
| Total | 15.928 | 15.723 | 16.355 |
| Biogás* | 5.229 | 5.567 | 6.233 |

* A depuradora de Bens emprega biogás renovable procedente do proceso de dixestión.

* La depuradora de Bens emplea biogás renovable procedente del proceso de digestión.

**O 38% DA ELECTRICIDADE** CONSUMIDA POR EDAR BENS SA É DE FONTES RENOVABLES.

**EL 38% DE LA ELECTRICIDAD** CONSUMIDA POR EDAR BENS SA ES DE FUENTES RENOVABLES.

## CANTIDADE DE RESIDUOS POR TIPO

## CANTIDAD DE RESIDUOS POR TIPO

| Toneladas | 2014 | 2015 | 2016 |
|---|---|---|---|
| Cribado<br>Criba | 924 | 1.109 | 1.020 |
| Areas<br>Arenas | 508 | 308 | 379 |
| Graxas<br>Grasas | 841 | 826 | 764 |
| Lodos<br>Lodos | 17.520 | 22.360 | 20.948 |
| **TOTAL** | **19.793** | **24.603 *** | **23.109** |

* O aumento producido a partir do 2015 débese á incorporación das depuradoras do Concello de Arteixo

* El aumento producido a partir de 2015 se debe a la incorporación de las depuradoras del Ayuntamiento de Arteixo

## ORZAMENTO (%)

## PRESUPUESTO (%)



# COMPROMISO CO **I+D+I**
# COMPROMISO CON EL **I+D+I**

## UNIDADE MIXTA DE **GAS RENOVABLE**

As instalacións de Edar Bens SA acollen a Unidade Mixta de Gas Renovable desenvolvida por Energy Lab e Gas Natural Fenosa. O proxecto, financiado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), desenvolverase ata o ano 2019 e ten como obxectivo principal investigar as posibilidades da valorización do biogás xerado no proceso de depuración de augas residuais urbanas, e transformalo en biometano, co fin de destinalo a proxectos de mobilidade urbana dentro dun modelo de economía circular e sustentable.

gasRenovable Unidad Mixta

Las instalaciones de Edar Bens SA acogen la Unidad Mixta de Gas Renovable desarrollada por Energy Lab y Gas Natural Fenosa. El proyecto, financiado por la Axencia Galega de Innovación (GAIN), se desarrollará hasta el año 2019 y tiene como objetivo principal investigar las posibilidades de la valorización del biogás generado en el proceso de depuración de aguas residuales urbanas, y transformarlo en biometano, con el fin de destinarlo a proyectos de movilidad urbana dentro de un modelo de economía circular y sostenible.



## OVAL PIPE

Edar Bens SA acolle na depuradora de Bens a plataforma de ensaios do proxecto Oval Pipe, que desenvolve tubaxes ovoides de pequeno diámetro –en lugar das habituais de sección circular– para a mellora da eficiencia nas redes de sumidoiros.

Edar Bens SA acoge en la depuradora de Bens la plataforma de ensayos del proyecto Oval Pipe, que desarrolla tuberías ovoides de pequeño diámetro –en lugar de las habituales de sección circular– para la mejora de la eficiencia en las redes de alcantarillado.

## COWARE

O obxecto do proxecto é valorizar os lodos de Edar e outros residuos mediante codixestión anaerobia de xeito eficiente. Preténdese optimizar o potencial dos dixestores das Edar urbanas e, con iso, o aproveitamento dos residuos agroalimentarios e outros residuos orgánicos.

El objeto del proyecto es valorizar los lodos de Edar y otros residuos mediante codigestión anaeróbica de forma eficiente. Se pretende optimizar el potencial de los digestores de las Edar urbanas y, con ello, el aprovechamiento de los residuos agroalimentarios y otros residuos orgánicos.

## TREFO

Trátase dun proxecto para o tratamento e rexeneración das correntes de retorno de augas residuais.

Se trata de un proyecto para el tratamiento y regeneración de las corrientes de retorno de aguas residuales.





# DIVULGACIÓN

## ‘RECOLLEDAR’

Edar Bens SA puxo en marcha no 2016 o proxecto RecollEdar, que inclúe unha web que recompila todos os puntos de recollida de aceite doméstico usado nos cinco municipios para facilitar á cidadanía a reciclaxe deste residuo, perigoso e custoso de eliminar se se verte de xeito incorrecto na rede de sumidoiros.

Estes lugares públicos de recollida de aceite están situados en puntos limpos, edificios administrativos e colexios e os da rede de colectores das Mulleres Colleiteiras, un proxecto de integración social impulsado por Arquitectos sen Fronteiras e que apoia Edar Bens SA.

**RECOLLEDAR.EDARBENS.ES CONTA CUN MAPA INTERACTIVO** QUE INDICA AO USUARIO O PUNTO DE RECOLLIDA DE ACEITE USADO MÁIS ACHEGADO

Edar Bens SA ha puesto en marcha en 2016 el proyecto RecollEdar, que incluye una web que recopila todos los puntos de recogida de aceite doméstico usado en los cinco municipios para facilitar a la ciudadanía el reciclaje de este residuo, peligroso y costoso de eliminar si se vierte de forma incorrecta en la red de alcantarillado.

Estos lugares públicos de recogida de aceite están situados en puntos limpios, edificios administrativos y colegios y los de la red de contenedores de las Mulleres Colleiteiras, un proyecto de integración social impulsado por Arquitectos sen Fronteiras y que respalda Edar Bens SA.

**RECOLLEDAR.EDARBENS.ES CUENTA CON UN MAPA INTERACTIVO** QUE INDICA AL USUARIO EL PUNTO DE RECOGIDA DE ACEITE USADO MÁS CERCANO

## PROGRAMA DE **VISITAS**

Este programa, iniciado a finais do 2014, diríxese a tres colectivos principais: estudantes (alumnos de ESO, Bacharelato, FP e universidade), cidadáns (de asociacións veciñais e organizacións) e profesionais e técnicos. O seu obxectivo é que a cidadanía coñeza unhas instalacións que prestan un servizo esencial e colabore na concienciación sobre o uso responsable da auga e da rede de saneamento.

**EN TOTAL, 1.350 PERSOAS VISITARON A EDAR** ATA DECEMBRO DE 2016, QUE CUALIFICARON A VISITA NAS ENQUISAS DE CALIDADE CUN 4.55 SOBRE 5.

Este programa, iniciado a finales de 2014, se dirige a tres colectivos principales: estudiantes (alumnos de ESO, Bachillerato, FP y universidad), ciudadanos (de asociaciones vecinales y organizaciones) y profesionales y técnicos. Su objetivo es que la ciudadanía conozca unas instalaciones que prestan un servicio esencial y colabore en la concienciación sobre el uso responsable del agua y de la red de saneamiento.

**EN TOTAL, 1.350 PERSONAS VISITARON LA EDAR** HASTA DICIEMBRE DE 2016, QUE CALIFICARON LA VISITA EN LAS ENCUESTAS DE CALIDAD CON 4.55 SOBRE 5.

## ‘EU COLABORO **COA EDAR’**

O éxito do programa de visitas xerou no 2016 unha actividade dirixida a escolares de Primaria. Trátase do proxecto “Eu colaboro coa Edar” no que de xeito divertido e no propio centro escolar, explícase o funcionamento básico dunha estación depuradora, a súa importancia social e as prácticas responsables que deben realizarse en casa para colaborar no seu correcto funcionamento.

**687 NENOS PARTICIPARON NA ACTIVIDADE** ‘EU COLABORO COA EDAR’ ATA DECEMBRO DE 2016.

El éxito del programa de visitas ha generado en 2016 un actividad dirigida a escolares de Primaria. Se trata del proyecto “Eu colaboro coa Edar” en el que forma divertida y en el propio centro escolar, se explica el funcionamiento básico de una estación depuradora, su importancia social y las prácticas responsables que deben realizarse en casa para colaborar en su correcto funcionamiento.

**687 NIÑOS HAN PARTICIPADO EN LA ACTIVIDAD** ‘EU COLABORO COA EDAR’ HASTA DICIEMBRE DE 2016.

## COMPROMISO COMPARTIDO

Edar Bens SA é a primeira empresa supramunicipal de Galicia, froito do consenso entre os Concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros para ofrecer a unha poboación que suma 400.000 habitantes un servizo público de calidade.

## COMPROMISO MEDIOAMBIENTAL

Dende a súa creación, Edar Bens SA contribúe de forma activa á protección e conservación do medio, ao uso sustentable dos recursos naturais e ao respecto ao medio mariño, un elemento clave para a economía de Galicia.

## COMPROMISO CIDADÁN

Edar Bens SA aposta polo compromiso cos cidadáns e a divulgación de boas prácticas medioambientais. A colaboración de todos é clave para un mellor funcionamento dos servizos públicos, un uso racional dos recursos e unha xestión eficaz.

---

## COMPROMISO COMPARTIDO

Edar Bens SA es la primera empresa supramunicipal de Galicia, fruto del consenso entre los Ayuntamientos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo y Oleiros para ofrecer a una población que suma 400.000 habitantes un servicio público de calidad.

## COMPROMISO MEDIOAMBIENTAL

Desde su creación, Edar Bens SA contribuye de forma activa a la protección y conservación del medio ambiente, al uso sostenible de los recursos naturales y al respeto al medio marino, un elemento clave para la economía de Galicia.

## COMPROMISO CIUDADANO

Edar Bens SA apuesta por el compromiso con los ciudadanos y la divulgación de buenas prácticas medioambientales. La colaboración de todos es clave para un mejor funcionamiento de los servicios públicos, un uso racional de los recursos y una gestión eficaz.

Edar Bens

R/ Manuel Murguía, s/n
Casa da Auga
15011 A Coruña

981 154 080

info@edarbens.es

**www.edarbens.es**

ELIGE

Rexistro Mercantil da Coruña, Tomo 3429 do Arquivo, Sección Xeral, Folio 34. Folla C 47821, Inscrición 1.
Registro Mercantil de A Coruña, Tomo 3429 del Archivo, Sección General, Folio 34. Hoja C 47821, Inscripción 1.